

16 normalización lingüística

O ano 2006 tivo un especial significado para o Servizo de Normalización Lingüística, xa que o 14 de decembro o Consello de Goberno aprobou o texto definitivo do Plano de Normalización Lingüística (PNL), sen ningún voto en contra. Con esta aprobación, a nosa Universidade incorpórase ás outras universidades do sistema galego e cumpre un dos obxectivos esenciais definidos no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado no Parlamento en 2004. O noso PNL contén obxectivos e medidas, xerais e específicos, para cada colectivo universitario e vai precedido dunha explicación metodolóxica e dunha síntese da análise da situación sociolingüística.

Esta aprobación culmina o labor que a Comisión para a Elaboración do Plano de Normalización Lingüística da UDC veu desenvolvendo nos dous últimos anos e que, durante 2006, se centrou na análise e discusión das achegas das comisións de normalización lingüística constituídas en diversos centros, así como das enviadas por colectivos e particulares, e na redacción do texto definitivo. Ás comisións fornecéuselles material bibliográfico de consulta para poder levar a cabo o seu traballo. Cando saia do prelo o PNL, será distribuído entre a comunidade universitaria.

A directora do servizo, Goretti Sanmartín Rei, principal impulsora do Plano, deixou este posto, por petición propia, e foi substituída polo profesor Xosé Ramón Freixeiro Mato.

■ Principais actuacións

Para alén do anterior, o Servizo de Normalización Lingüística continuou a desenvolver as tarefas que a seguir se especifican:

1. Canto ao asesoramento lingüístico, corrixíronse ou traducíronse unhas 10.000 páxinas, aproximadamente, cifra que supón un incremento dun 20% a respecto do ano anterior. Este labor foi desenvolvido por unha técnica e por dúas persoas bolseiras, estas suxeitas a unha continua mobilidade. Por outro lado, a través do enderezo electrónico, por teléfono ou en persoa, intentáronse solucionar todas as dúbidas lingüísticas, sempre na procura de establecer uns criterios lingüísticos uniformes.

Alén do asesoramento lingüístico ás persoas que integran a comunidade universitaria da UDC, o Servizo de Normalización Lingüística colaborou na corrección e na tradución de publicacións periódicas como *Interea* ou *AmbientalMENTE Sustentable* (coordinadas as dúas por profesorado da Facultade de CC. da Educación).

■ Formación

Dentro do apartado de formación, o Servizo de Normalización Lingüística levou a cabo diferentes cursos dirixidos aos colectivos universitarios (estudiantado, persoal de administración e servizos e persoal docente e investigador). Os cursos dirixidos ao estudiantado concretáronse na realización de varias actividades:

- O II Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística. Traballando en Lingua contou coa participación de 55 persoas e repetiu o éxito da edición anterior.
- As III Xornadas sobre Lingua e Usos, Lingua e Idade consolidáronse na súa cita anual e recibiron máis de oitenta solicitudes de participación.
- Organizouse o Curso de Formación en Voluntariado Lingüístico, unha experiencia pioneira en Galicia, en que participaron vinte e unha persoas interesadas en intercambiaren a súa lingua co estudiantado estranxeiro.

Canto aos cursos para o profesorado, realizáronse varios obradoiros de linguaxe técnica, que trataron sobre Física e Química, Socioloxía, Matemática, Deportes e Construcción Naval. Con eles preténdese incrementar a docencia en lingua galega nesas materias e fornecer os instrumentos que o profesorado necesita.

Cadro 141
Cursos para PAS. Campus da Coruña e Ferrol

N.º	Curso	Inscritos
3	Linguaxe Administrativa Nivel Superior	80
2	Linguaxe Administrativa Nivel Medio	54
1	Lingua Oral	17
1	Estilo e Modificacións Normativas	24
1	Habilidades e Estratexias para a Comunicación	13
1	Linguaxe Xurídica	20
1	Xénero e Comunicación (obradoiro)	23

► Dinamización

Aínda que todas as actividades que desenvolve o SNL teñen como finalidade última contribuíren a aumentar o uso da lingua entre a comunidade universitaria, leváronse a cabo algunas actividades específicas.

Para alén do II Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística e do Curso de Formación en Voluntariado Lingüístico, convocouse por terceira vez o Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras. Este premio naceu en 2004 como unha iniciativa do Servizo da Universidade da Coruña mais, na actualidade, conta coa colaboración dos servizos de normalización das universidades de Santiago de Compostela e de Vigo. Como consecuencia do veredicto do xurado, en 2006 publicouse o libro que contén os artigos e as campañas que foron premiadas na segunda e na terceira edición deste premio.

Igualmente, e para seguir a liña de colaboración entre as tres universidades galegas, o SNL participou no III Concurso Universitario de Monólogos Monolingües, con que se pretende contribuir á reflexión sobre a lingua galega dunha maneira lúdica.

En último lugar, convocáronse un ano máis as Axudas á Investigación en Lingua Galega, para promover a redacción e a defensa de teses de doutoramento, de teses de licenciatura e de traballos de investigación en lingua galega. Concedéronse axudas económicas e de asesoramento lingüístico para once proxectos fin de carreira, nove traballos de investigación tutelados, unha tese de licenciatura e tres teses de doutoramento.

Todas estas actividades foron apoiadas por campañas publicitarias, que consistiron na distribución de folletos e de carteis publicitarios, alén da constante actualización da información na páxina web do SNL.

► Recursos

Realizáronse cinco vocabularios de linguaxes de especialidade, que comprenden as áreas de Deportes, Socioloxía, Física e Química, Matemática e Construcción Naval.

Tamén se traballou na segunda edición, coidadosamente revisada, dos dous libros de criterios lingüísticos, hoxe esgotados debido á boa acollida que tiveron, principalmente entre o persoal de administración e servizos, e na preparación dun manual de documentos administrativos. Estas publicacións verán a luz en 2007.

Cadro 142
Importancia da formación en lingua galega

¿Cre que é importante o perfeccionamento da súa formación en lingua galega?

	Alumnado	PDI	PAS
Moito	28,21	25,50	44,68
Bastante	46,47	41,59	45,14
Pouco	19,40	22,24	8,33
Nada	5,92	10,67	1,85
Total	100,00	100,00	100,00

Cadro 143
Idioma empregado maioritariamente na escritura

	Alumnado	PDI	PAS
Galego	9,60	7,17	31,22
Castelán	89,60	91,89	65,73
NS/NC	0,80	0,94	3,05
Total	100,00	100,00	100,00

Cadro 144
Uso maioritario do castelán

¿Escribe en castelán maioritariamente por ter un deficiente dominio do galego escrito?

	Alumnado	PDI	PAS
Si	23,13	50,60	38,79
Non	75,27	48,39	60,14
NS/NC	1,60	1,01	1,07
Total	100,00	100,00	100,00

Cadro 145
Lingua empregada polos PDI para redactar os traballos científicos

Idioma	Porcentaxe válida
Galego	2,3%
Castelán	62,3
Galego e castelán	9,9
Outros	24,6
NS/NC	0,9
Total	100,00

Fonte: os cadros sobre o uso do galego na UDC pertenecen ao libro Álvarez Sousa, A. (coord.) (2005). *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña*. A Coruña, Servizo de Publicacións.